



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral de Universidades

Edificio Administrativo San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
www.edu.xunta.es

galicia

Resolución do 12 de abril de 2017, pola que se completa a do 20 de setembro de 2016 pola que se dispón a emisión da certificación que recolle o resultado da avaliación do rendemento do persoal investigador contratado polas universidades do Sistema universitario de Galicia (SUG) ao abeiro do programa de apoio á etapa de formación posdoutoral, modalidade B, para o ano 2014, do Plan galego de investigación, innovación e crecemento (Plan I2C)..

A Orde do 24 de xullo de 2014 (DOG núm. 147, do 5 de agosto de 2014), establece as bases para a concesión das axudas de apoio á etapa de formación posdoutoral do Plan galego de investigación, innovación e crecemento (Plan I2C) para o ano 2014. O anexo II da citada orde está dedicado a regular a modalidade B destas axudas e establece no seu artigo 6 que no último ano as persoas contratadas serán sometidas a unha avaliación da actividade investigadora desenvolvida para os efectos de obtención do certificado de cumprimento dos requisitos de calidade de producción e actividade científico-tecnolóxica que impliquen unha traxectoria investigadora destacada.

De acordo co Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia e o Decreto 4/2013, do 10 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, correspondeñelle á Secretaría Xeral de Universidades as competencias en materia de investigación universitaria.

A Instrucción 4/2016, do 27 de xuño, da Secretaría Xeral de Universidades, establece as directrices que regulan o procedemento de avaliación do rendemento do persoal investigador contratado polas universidades do SUG ao abeiro da convocatoria do ano 2014 da modalidade B das axudas posdoutorais. De acordo con esta instrución, a avaliación foi realizada por expertos externos ao SUG, coa colaboración da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG).

Con don data 20 de setembro de 2016 a Secretaría Xeral de Universidades ditou unha resolución pola que se dispón a emisión da certificación que recolle o resultado da avaliación do rendemento do persoal investigador contratado polas universidades do SUG ao abeiro do programa de apoio á etapa inicial de formación posdoutoral, modalidade B, para o ano 2014, do Plan galego de investigación, innovación e crecemento (Plan I2C).

Nesa resolución non figuraba María Sol Arias Vázquez porque se lle concedeu un aprazamento da avaliación da actividade investigadora pola Resolución do 14 de xullo de 2016.

Unha vez realizada a avaliación e de acordo co informe dos expertos, a Secretaría Xeral de Universidades,

RESOLVE:

Emitir a certificación de cumprimento dos requisitos de calidade de producción e actividade científico-investigadora que impliquen unha traxectoria investigadora destacada do persoal investigador a María Sol Arias Vázquez.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral de Universidades

Edificio Administrativo San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
www.edu.xunta.es

galicia

Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, cabe interpoñer recurso de alzada ante a persoa titular da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, no prazo dun mes que contará a partir do día seguinte ao da súa notificación, sen prexuízo de que as persoas interesadas poidan exercitar calquera outro que estimen procedente.

Santiago de Compostela, 12 de abril de 2017

O secretario xeral de Universidades

José Alberto Díez de Castro